

RESOLUCIÓN reitoral do 24 de marzo de 2026 pola que se publica a relación provisional de solicitudes admitidas e excluídas a trámite para organizar cursos de extensión da Universidade de Vigo no ano 2026 no campus de Pontevedra

De acordo coa base novena da Resolución reitoral do 16 de febreiro de 2026 mediante a que se convocou o proceso de axudas para organizar cursos de Extensión da Universidade de Vigo no ano 2026, e en uso das competencias atribuídas pola Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario, esta reitoría,

RESOLVE:

1. Aprobar a relación provisional de solicitudes admitidas e excluídas a trámite para a organización de cursos de Extensión universitaria en 2026 no campus de Pontevedra (Anexo).
2. Ordenar a súa publicación no taboleiro electrónico da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal/public/bulletin/bulletin-index.xhtml>).

As persoas solicitantes excluídas ou que non figuren na relación de admitidas disporán dun prazo de tres (3) días hábiles a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no taboleiro electrónico, para emendar o defecto que motivou a exclusión ou a omisión. Quen dentro do prazo sinalado non emende a exclusión ou alegue a omisión, xustificando o dereito a ser incluído/a na relación de solicitudes admitidas, será definitivamente excluído/a do proceso.

Para tal fin a persoa solicitante presentará a documentación xustificativa de emenda a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) mediante do procedemento “Emenda e mellora da solicitude” e facendo referencia ao número de rexistro da solicitude inicial.

Na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación R.R. do 30/05/2024 (DOG do 10 de xuño)

A vicerreitora do campus de Pontevedra

Eva María Lantarón Caeiro



ANEXO**Cursos extensión 2026 Solicitudes admitidas a trámite provisionalmente – Campus Pontevedra**

Nome e Apelidos	Curso de Extensión proposto
Francisco Javier Fernández Abreu	Gravación e produción musical
María A. Lorenzo Rial	Robótica educativa como ferramenta para a transformación de espazos de aprendizaxe en ciencias
Miriam Cartagena Sánchez	Tinte, pegmento e tintura sobre papel reciclado

Cursos extensión 2026- Solicitudes excluídas a trámite provisionalmente– Campus Pontevedra

Nome e Apelidos	Curso de Extensión proposto	Motivo exclusión
María Covadonga Barreiro Rodríguez-Moldes	Moldes e reprodución	1
Iria Vázquez López	Profesionalización e sustentabilidade no ámbito artístico (III)	2
José Ángel Zabala Mate	Transferencia e soportes cerámicos	1
Xaime Fandiño Penas	Intelixencia Artificial e profesión creativas: crítica, prácticas e futuros posibles	1

Motivos de exclusión:

Número motivo	Lenda motivo exclusión	Documentación a presentar para subsanación
(1)	Anexo - Apartado B: “Ingresos por matrículas”, cálculo erróneo	Presentar o Anexo incluíndo a rectificación do importe de ingreso por matrículas Revisar que o importe de ingresos e gastos coincida unha vez realizada a corrección anterior. <i>Exemplo de cálculo: 30 (prazas ofertadas) x 70% = 21 alumnos mínimo</i> <i>Ingreso por matrícula: 21x 0,7x 60 euros = 882</i>
(2)	Anexo Sen datos	Presentar o Anexo debidamente cuberto

